

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP REBORDÁNS
CURSO: 5º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
MESTRA: RITA ALVAREZ ESTEVEZ
DATA: 12 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. (CCL)
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital. (CCL)
B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.	PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta. (CCL / CSC)
B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. (CCL / CD)
	PLEB3.9. Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos (CCL)
B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. (CCL)
	PLEB4.3. Escribe textos-sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos). (CCL)

	<p>PLEB4.4. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. (CCL / CD / CSC)</p>
	<p>PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións. (CAA / CSIEE)</p>
<p>B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.</p>	<p>PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...). (CCL / CAA)</p>
<p>B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p>	<p>PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. (CCL /CAA)</p>
	<p>PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. (CCL)</p>
<p>B5.5. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...</p>	<p>PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación... (CCL)</p>
<p>B5.6. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...</p>	<p>PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer... (CCL / CAA)</p>
<p>B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.</p>	<p>PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa. (CCL /CAA)</p>
<p>B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes.</p>	<p>PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar,</p>

	<p>así como as instrucións dentro e fóra da aula.</p> <p>(CCL / CAA)</p>
<p>B5.11. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos</p>	<p>PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.</p> <p>(CCL)</p>
<p>B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</p>	<p>PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.</p> <p>(CCL / CAA)</p>

***ENTRE PARÉNTESIS FIGURAN AS COMPETENCIAS CLAVE DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación debe orientar o proceso educativo e indicarlle ao profesorado e alumnado onde están respecto ás competencias e os obxectivos establecidos e facilitar a intervención na mellora deste proceso.</p> <p>A avaliación será continua e formativa, incluíndo a autoavaliación como parte do proceso da aprendizaxe da etapa.</p>
	<p>Instrumentos: as actividades de repaso e reforzo subidas o libro de inglés xa que é E-DIXGAL, sustentadas (dada a particularidade da lingua inglesa e a importancia da parte oral) en cancións, vídeos e páxinas web que tratan das actividades repasadas.</p>
Cualificación final	<p>No terceiro trimestre, sempre ca idea dunha avaliación positiva e sumativa, valoraranse: a finalización das actividades, na medida da capacidade do alumno/a, a presentación das mesmas (limpeza, spelling...) e o coidado e a creatividade das actividades que o requiran.</p> <p>Con estas precisións do terceiro trimestre e cas notas dos outros dous trimestres, con clases, pódese facer a cualificación final do alumnado, procurando favorecelo dadas as circunstancias desta situación pandémica.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas para lingua inglesa son actividades de repaso, reforzo e en algún caso ampliación dos contidos traballados durante os trimestres anteriores.</p> <p>Dada a importancia da parte oral, sempre van relacionadas cun video, unha canción, unha páxina web de listenings ou xogos... Este alumnado como usa libros E-dixgal, as actividades ou recursos xa se suben ao libro de inglés.</p> <p>Dadas as diferencias que evidentemente existen na clase, son actividades onde cada alumno/a traballa o seu ritmo, eu subo diferentes actividades do mesmo tema cada semana...pero o alumnado fai según as súas posibilidades, recibindo axuda dos pais/nais cando é necesario e posible.</p> <p>As actividades máis sinxelas serven de actividades de recuperación</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Na metodoloxía tense en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, por iso as actividades programadas , dánse alternativas para o alumnado máis rápido.</p> <p>A metodoloxía de inglés baseada na actividade e a participación, é imposible neste caso, pero considérase o interés do alumnado que a través do servizo de mensaxes do libro piden aclaracións de dudas, ou outras preguntas relacionadas.</p> <p>E por último o progreso e o erro considerado como algo natural no proceso de aprendizaxe. Xa que este momento o importante e que intenten facer e que estén en contacto ca lingua inglesa, aínda que o resultado final non sexa perfecto.</p> <p>As actividades de conversa son máis complicadas, polo que se reforza os listening e a pronunciación e ritmo da lingua inglesa, con videos, ou xogos en páxinas web.</p> <p>O alumnado que non conta con conectividade, solo conta co móvil dos pais/nais, se lle manda a tarefa ao correo electrónico que me facilitaron cando a tarefa vai en PDF e sen internet non teñen acceso. Tamén se entregou material en papel con actividades para un mes, para non sobrecargar aos pais/nais, pensando nos alumnos/as sen conectividade. Xa que no móvil teñen todos conectividade.</p>
Materiais e recursos	<p>Os recursos son os libros de texto para consulta, páxinas web con xogos, videos de youtube con canción , chants, recursos de contidos abalar, recursos da aula virtual feitos por min fai tempo.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información co alumnado é máis sinxela xa que co servizo de mensaxes do libro, pregúntanme dudas e mándanme solucións de actividades onde solo teñan que escribir un número ou unha letra. Como non son mestra titora, as veces a familia fala co titor/a ,e despóis eu falo con eles por teléfono. Aviso as familias por abalar. Chamo por teléfono a algúnhas familias. Puxen a disposición das familias un correo particular para que me envíen tarefas, cousa que moitos fan. ritaecasa@hotmail.es
Publicidade	As actividades aparecen cargadas no libro de inglés, (E-DIXGAL). O meu correo foi mandado por abalar. E os titores teñen a miña información.